



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Estancias Clínicas I		Código	750G01025
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Rodríguez Maseda, Emma		Correo electrónico	emma.rodriguez.maseda@udc.es
Profesorado	Arantón Areosa, Luis Fernando Castro Pastor, Avelino Fernández Basanta, Sara Freijomil Vázquez, Carla Gago García, Esther Pérez Castro, Teresa Rosalía Piñón Díaz, María Josefa Rodríguez Maseda, Emma		Correo electrónico	luis.aranton@udc.es avelino.castro.pastor@udc.es sara.fbasanta@udc.es carla.freijomil@udc.es e.gago@udc.es t.perez@udc.es maria.j.pinon.diaz@udc.es emma.rodriguez.maseda@udc.es
Web	campusvirtual.udc.gal/			
Descrición xeral	Realización de técnicas e procedementos de enfermaría en entornos de simulación; comunicación efectiva coas persoas atendidas; realización dos cuidados de enfermaría, mediante simulacións, baseados nos principios dunha práctica reflexiva; identificación dos sistemas de rexistros e comunicación da unidade asistencial.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos: Non se fará ningunha modificación.</p> <p>2. Metodoloxías: *Metodoloxías docentes que se manteñen: Todas.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican: As metodoloxías docentes desta materia conducen a un resultado de "saber facer" polo que non é posible a substitución por outras metodoloxías.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: Para a comunicación e seguimento do alumnado utilizaranse as ferramentas informáticas institucionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Moodle: Plataforma fundamental para a comunicación co alumnado e para a entrega dos traballos colaborativos. - Teams: Plataforma de uso para as titorías e as exposicións de traballos tutelados. <p>4. Modificacións na avaliación: Non hai cambios nas porcentaxes da metodoloxía de avaliación. Os estudantes que teñan realizadas o 100% das horas de simulación poderán ser avaliados según os criterios establecidos na presente guía. Os estudantes que non acaden o 75% das horas de simulación terán que reanudar seu aprendizaxe presencial en canto as condicións o permitan ata acadar o mínimo do 75 % das horas.</p> <p>A proba teórica será previa a proba práctica. Consistirá nun exame tipo test con 4 opcións de resposta por pregunta. Cada pregunta terá unha única resposta correcta. Responder incorrectamente a unha pregunta non suporá penalización. A proba teórica realizarase a través da plataforma Moodle.</p> <p>A proba práctica levarase a cabo vía Teams da seguinte maneira: o exame durará un máximo de 20 minutos y consistirá na visualización dun vídeo dalgunha das técnicas impartidas ao longo da docencia presencial. O estudante poderá ver o vídeo dúas veces, a segunda vez terá que comentar a técnica e detectar os erros que se realicen durante a mesma. O profesorado poderá realizar as preguntas que considere oportunas.</p> <p>Para superar a materia é necesario ter un mínimo de 5 puntos sumando a nota da proba teórico, da proba práctica e do traballo tutelado.</p> <p>Na segunda oportunidade o estudante deberá repetir a avaliación teórico-práctica e manterá a nota do traballo tutelado.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: Non existen modificacións na bibliografía.</p>
-----------------------------	--

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A61	Integrar os coñecementos, as habilidades e actitudes da enfermaría para dar a atención ás persoas nas diferentes situacións de saúde, baseados nos principios e valores profesionais, competencias de comunicación asistencial, razoamento clínico, xestión clínica e xuízo crítico asociados ás competencias descritas nos obxectivos xerais a as materias que conforman o título e con avaliación final de competencias.
B1	Aprender a aprender.



B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B5	Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo.
B8	Capacidade de análise e sínteses.
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B10	Capacidade para adaptarse ás situacións novas.
B11	Capacidade e habilidade de xestión da información.
B13	Toma de decisións.
B14	Habilidades interpersonais.
B15	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B19	Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudo.
B20	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C10	CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C12	CB4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Describir o obxectivo, material e pasos necesarios para a realización das técnicas e procedementos.	A61	B1 B8 B9 B10 B11 B13 B15 B16 B20 B24	C1 C4 C10 C12
Desenvolver habilidades na realización de técnicas, procedementos e rexistros dos coidados de enfermaría	A61	B1 B3 B6 B7 B8 B9 B10 B13 B15 B24	C1 C4 C7 C10



Identificar os resultados esperados (seguros e eficaces), e inesperados (problemas potenciais) e a súa resolución na realización de técnicas, procedementos e rexistros dos coidados de enfermaría.	A61	B1 B3 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B24	C1 C3 C7 C10 C12
identificar as actividades apropiadas para a súa delegación na realización de técnicas, procedementos e rexistros dos coidados de enfermaría.	A61	B3 B5 B6 B7 B8 B9 B13 B14	C1 C4 C7 C10 C12
Identificar os factores de risco e aplicar as normas de prevención e seguridade	A61	B1 B3 B6 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B24	C1 C3 C4 C7 C10 C12
Desenvolver habilidades de comunicación terapéutica	A61	B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B24	C1 C3 C4 C7 C12



Identificar e analizar cuestións relacionadas coa confidencialidade, privacidade e dignidade na realización de técnicas, procedementos e rexistros dos coidados de enfermaría.	A61	B1 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B20 B24	C1 C4 C10 C12
--	-----	--	------------------------

Contidos	
Temas	Subtemas
1.- INFORMACIÓN E APOIO AO USUARIO NO SISTEMA SANITARIO. 2.- SEGURIDADE E BENESTAR DO USUARIO. 3.- HIXIENE. 4.- ELIMINACIÓN. 5.- NUTRICIÓN. 6.- CONSTANTES VITÁIS. 7.- MEDICACIÓNS. 8.- OSIXENOTERAPIA. 9.- COIDADOS DAS FERIDAS. APÓSITOS 10.- PROCEDEMENTOS ESPECIAIS. 11.- COIDADOS POSTOPERATORIOS. 12.- COMUNICACIÓN TERAPÉUTICA.	1.- Areglo da cama e hixiene. 2.- Mobilización do doente. 3.- Sondaxe vesical. 4.- Recollida de mostras. Extracción venosa. 5.- Punción para Gasometría arterial,venosa,capilar. 6.- Cateterismo Nasogástrico. 7.- Constantes vitáis. 8.- Administración de medicamentos. 9.- Manexo dos sistemas de perfusión. 10.- Osixenoterapia. 11.- Aerosolterapia. 12.- Feridas e úlceras. Realización de curas. 13.- Ostomías. 14.- Suturas. 15.- Cateterismo periférico. 16.- Electrocardiograma e monitorización. Electrocardiograma normal. 17.- Vendaxes. 18.- Drenaxes cirúrxicos. 19.- Principios da comunicación humana. 20.- Principios da relación terapéutica. 21.- Alianza terapéutica.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	B13 C1	2	0	2
Simulación	A61 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C12	91.5	8	99.5



Traballos tutelados	A61 B1 B3 B8 B9 B11 B13 B16 B19 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C12	8	16	24
Sesión maxistral	A61 B11 C10 C12	9	0	9
Proba mixta	A61 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B13 C1 C4 C10 C12	3	10.5	13.5
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Presentación pormenorizada da materia. Obxectivos, horarios, contenidos e criterios de avaliación.
Simulación	O profesorado da práctica explica unha técnica ou procedemento, define os obxectivos de esta e planifica as actividades. A continuación desenvolve a técnica diante do alumnado. A continuación o alumnado reproduce o demostrado ante a supervisión do profesorado. Esta forma de ensinanza baseada na retroalimentación, permite subsanar erros en base á reprodución repetida dos diferentes pasos ou partes dun proceso ata que o estudante adquire a precisión necesaria na consecución da técnica.
Traballos tutelados	Realízase un traballo en grupo, preferiblemente de 4 estudantes. Os contidos a traballar e a data de entrega do traballo se comunicará a os estudantes con suficiente antelación e de acordo co calendario de exames e a normativa vixente se fixará para uns 15 días antes da data de examen da primeira oportunidade.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe clínica posterior.
Proba mixta	Ao final do cuadrimestre, realízase unha proba teórico-práctica en relación a os contidos da materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A atención personalizada que se describe en relación a estas metodoloxías concíbese como momentos de traballo presencial co profesor, polo que implican unha participación obrigatoria para o alumnado. O modo e momento en que se desenvolverá esta atención personalizada correspondente a cada actividade, se indicará ao longo do curso según o plano de traballo da materia.
Proba mixta	
Simulación	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A61 B1 B3 B8 B9 B11 B13 B16 B19 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C12	A realización do traballo en grupo é obrigatoria. Valorarase: adecuación ao guión solicitado, integración de coñecementos, estilo, soporte de presentación e bibliografía.	20
Proba mixta	A61 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B13 C1 C4 C10 C12	A proba teórico-práctica será obrigatoria	80

Observacións avaliación



As practicas de Simulación son de asistencia obligatoria. As faltas xustificadas que non superen o 5% das horas, poderán ser recuperadas ao final do cuatrimestre. Faltas de asistencia superiores ao 5% das horas da materia supón a perda da posibilidade de presentarse ao exame teórico-practico da materia, polo que a calificación será de suspenso nas dúas convocatorias.

A proba teórica será previa a proba práctica. Consistirá nun exame tipo test de 50 preguntas con 4 opcións de resposta por pregunta. Catro preguntas non acertadas (ou fracción) restan unha acertada. É imprescindible superar o exame teórico (mínimo de 5 puntos) para poder presentarse ao exame practico. A proba teórica durará un máximo de 1 hora.

Na proba práctica a asignación de técnica realizarase de forma aleatoria de entre todas as simuladas en sala de demostración. En caso de non superar esta técnica, o/a alumno/a terá a posibilidade de realizar unha segunda técnica que será asignada polo profesorado. No caso de que sexa necesaria a segunda técnica, a posibilidade de superación da proba é apto con nota de 5. O alumnado disporá de un máximo de 15 min para cada unha das oportunidades (1ª e 2ª técnica).

Para superar a materia é necesario ter un mínimo de 5 puntos en cada unha das partes, teórica e práctica. En caso de non superar algunha das dúas partes, o/a alumno/a será calificado como suspenso/a e terá que presentarse na 2ª oportunidade as dúas partes.

Unha vez realizadas todas as probas, a parte Teórico-practica puntuarase sobre 8 e a nota do traballo tutelado será para sumar (máximo 2 puntos) non será eliminatoria. En caso de que un grupo non entregue o traballo tutelado, non poderá presentarse a proba teórico-practica.

Convocatoria de segunda oportunidade: o estudante deberá repetir a avaliación Teórico práctica e manterá a nota do traballo tutelado.

As condicións para a obtención dunha matricula de honra son que o alumno obteña máis dun 95% da cualificación da materia, sexa a mellor cualificación da clase na oportunidade avaliada e a súa achega na solución de problemas e nas prácticas fose significativa.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Javier Ruiz Moreno, Mª Cruz Martín Delgado, Rosa García-Penche Sánchez (2008). Procedimientos y técnicas de enfermería.. Ediciones Rol. - María Blanco Vidal, Emiliano Fernández-Obanza Windscheid (2017). Electrocardiografía Básica. (Tema 1-3). Ferrol. Emiliano Fernández-Obanza (2017) - Arturo Merayo, Esteban Bravo, Fernando Gordón (2014). La comunicación con el paciente. Elsevier - Galarreta, S., y Martín, C (2018). Enferpedia. Técnicas y procedimientos de enfermería. Madrid: Editorial Médica Panamericana, S.A. - Servizo Galego de Saúde (). https://femora.sergas.gal/?idioma=es. - Servizo Galego de Saúde (). https://ulcerasfora.sergas.gal/?idioma=es.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía/750G01001
 Bioloxía/750G01002
 Coidados Básicos en Enfermaría/750G01006
 Fisioloxía/750G01105

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Enfermaría Clínica (I y II)/750G01012

Materias que continúan o temario

Estancias Clínicas II/750G01026
 Estadías Clínicas III/750G01027
 Estancias Clínicas IV/750G01028
 Estancias Clínicas V/750G01029
 Estancias Clínicas VI/750G01030
 Estancias Clínicas VII/750G01031
 Practicum/750G01032

Observacións



Esta materia ten en conta as recomendacións de SOSTENIBILIDADE MEDIO AMBIENTE, PERSOA E IGUALDADE DE XERO:- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia, realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.- Teranse en conta os principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.- Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia terase en conta a perspectiva de xénero velando pola non utilización dunha linguaxe sexista na aula, nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades clínicas realizadas co alumnado.- Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas dentro da aula ou no contexto clínico, influíndo na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.- Prestará especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.- Facilitarase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria.- Nesta materia, o profesorado, ten contraído o compromiso de aplicación da normativa da UDC ante situacións de plaxio.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías